

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO

1. Alumnado de Educación Secundaria Obligatoria

O curso divídese en tres avaliacións parciais. A cualificación de cada avaliación irá dende 0 ata 10 puntos, sendo 5 puntos a nota mínima necesaria para aprobar. De cada avaliación suspensa farase unha proba escrita de recuperación baseada nos contidos mínimos. A cualificación final calcularase como a media aritmética da cualificación obtida en cada avaliación parcial. A nota de cada avaliación parcial procederá de computar os seguintes aspectos:

1. A media das probas escritas realizadas (80% da nota), realizando un mínimo de dúas probas en cada trimestre.
2. Listas de cotexo onde se recollan os resultados do traballo diario na aula, actividades, exercicios, cuestións, traballos de investigación, informes de laboratorio, tratamento de libro de lectura e similares (20 %).

2. Alumnado de Programa Diversificación Curricular

O curso divídese en tres avaliacións parciais. A cualificación de cada avaliación irá dende 0 ata 10 puntos, sendo 5 puntos a nota mínima necesaria para aprobar. De cada avaliación suspensa farase unha proba escrita de recuperación baseada nos contidos mínimos. A cualificación final calcularase como a media aritmética da cualificación obtida en cada avaliación parcial. A nota de cada avaliación parcial procederá de computar os seguintes aspectos:

1. A media das probas escritas realizadas (50% da nota), realizando un mínimo de dúas probas en cada trimestre.
2. Listas de cotexo onde se recollan os resultados do traballo diario na aula, caderno de aula, actividades, exercicios, cuestións, traballos cooperativos, informes de laboratorio, lectura de textos científicos e similares (50 %).

3. Alumnado de Bacharelato

O curso divídese en tres avaliacións parciais. A cualificación de cada avaliación irá dende 0 ata 10 puntos, sendo 5 puntos a nota mínima necesaria para aprobar. De cada avaliación suspensa farase unha proba escrita de recuperación baseada nos contidos mínimos. A cualificación final calcularase como a media aritmética da cualificación obtida en cada avaliación parcial. A nota de cada avaliación parcial procederá de computar os seguintes aspectos:

1. A media das probas escritas realizadas (90% da nota).
2. Os informes de laboratorio e traballos de aula (10% da nota).

Consideracións sobre as probas escritas:

- Como mínimo serán dúas por trimestre.
- Serán fixadas con suficiente antelación, procurando evitar a acumulación de probas nas mesmas datas.
- A puntuación correspondente a cada pregunta irá exposta ao lado do seu enunciado.
- Cada proba será puntuada de 0 a 10.
- Despois de corrixidas, as probas serán mostradas ao alumnado para comentalas e revisalas, se fose preciso, e posteriormente devoltas ao profesor ou profesora.
- No se valorará ningunha pregunta que non estea debidamente explicada, nin se valorará unha simple operación matemática sen a correspondente argumentación.
- A puntuación máxima só será posible cun emprego correcto das unidades de medida.
- En calquera caso, consideraranse graves os erros na formulación e nomenclatura química, de acordo aos distintos niveis.

A Coruña, setembro de 2023.